

No nome de Betanzos
A nosa cultura máis aló das fronteiras

ALEXANDRE BARANDELA E ANDRES BEADE *

Fundado en 1967 como un compoñente da escola de cancións e danzas galegas do Centro Betanzos de Bós Aires, o conxunto de baile "*César Quiroga*" foi durante moitos anos un complemento artístico de "*OS RUMOROSOS*", de groriosas tradicións na comunidade galega da Arxentina. Constituído pola coral polifónica do mesmo nome, o conxunto de gaitas e o de danzas, *Os Rumorosos* foi a máisima manifestación da emigración galega na esfera do enxebrismo.

Recentemente, coa esposición da película "*Castelao*" na televisión galega, os telespectadores tiveron ocasión de escoitar nos motivos musicais que serviron de fondo, as cancións "*Desdés*", "*Negra Sombra*", "*O Sol da Primaveira*", "*Canzón de Berce*", "*Romance de Don Sancho*", todas elas interpretadas sobria e solenemente por "*Os Rumorosos*". Ese sinxelo testemuño xa é dabondo meritorio nunha laboura que honra ó noso pobo.

Xa non existe a coral Os Rumorosos, pero queda a súa escola prolongada nos conxuntos de danzas e de gaitas "*César Quiroga*" e "*Xeito Novo*", respectivamente.

A dirección inicial do corpo de danzas do Centro Betanzos de Bós Aires estivo a cãrrego do mestre e coreógrafo coruñés, César Quiroga, que desenrolóu unha talentosa e brillante dirección artística, imprimíndolle unha plasticidade moi peculiar. A súa morte prematura e tráxica en Rosario supuxo unha perda insustituíble. Na súa honra foi nomeado "*César Quiroga*" o conxunto betanceiro. Asumiu a nova dirección Alexandre Barandela, un dos fundadores da Escola de Arte Popular Galega de Bós Aires. Sustituído por Divina Fernández, ésta logrou un considerable despregue da escola de danzas, chegando a contar con non menos de setenta integrantes entre bailaríns e músicos.

O clásico ritmo de cambéos na dirección levóu a que Mónica Pampín, a máis aventaxada aluna, asumira a rexencia artística, logo dun breve período de transición a cãrrego de Pablo Fernández. Dotada dun espírito investigador e creativo, a nova directora soupo enriquecer cunha nova dinámica e coreografía da millor escola galega, de raigame popular, toda a actividade da escola betanceira de danzas da capital Arxentina, dando orixen a novedosas interpretacións que mereceron o aplauso dun público sempre numeroso e entusiasta que seguiu cada unha das actuacións.

Hoxendía exerce a principal función rectora unha rapaza emprendedora e rigurosa nos seus métodos de ensino, quen ademais de reunir no seu mérito unha longa experiencia como integrante do elenco, está dotada de valiosos coñecimentos nesta difícil tarefa artística. María do

* Alexandre Barandella es coreógrafo y uno de los fundadores de la Escuela de Arte Gallego de Buenos Aires.

* Andrés Beade Dopico es delegado de Cultura del Ayuntamiento de

Betanzos y fue presidente del Centro Betanzos de Buenos Aires, vicepresidente del Instituto Argentino de Cultura Gallega y director del periódico "Galicia" de Buenos Aires.

Carme Xénova Fernández, a nova directora —emparentada co presidente da Xunta de Galicia— está empeñada na busca de novas formas e contidos na danza e na escenificación, valéndose para elo da variedade de matices do noso folklore e das experiencias acumuladas en todo o tráfego do excelente conxunto.

Adequire singular relevancia no seo desta agrupación o conxunto de gaitas "*Xeito Novo*" que dirixe o consagrado mestre Diego Alvarez. Facendo gala dunha probada sensibilidade creativa, e dunha non menos fina paixón pola preservación e desenrolo dos valores culturais de Galicia, o mestre Diego Alvarez está empeñado nunha laboura francamente plausible ó conquistar que o grupo musical "*Xeito Novo*" anime e inspire as rítmicas e cooridas imáxens que brindan xenerosamente, coas súas danzas típicas galegas, as rapazas e rapaces do Centro Betanzos que recorren os escenarios porteños levando o mensaxe e a maxia das *muiñeiras* no ritual céltico das gaitas, cos seus melencónicos e crispantes sons, e o repinicar das pandeiretas e tambores, entre cuia harmonía fluen veneros de lonxanas lendas e tradicións encol dun pobo milenario, altivo e valeroso, que loitou en loita á par dos seus consortes deste mundo para que o progreso da civilización e o reino da solidariedade entre os homes, vivindo en paz e igualdade, se consagren definitivamente na Terra.

Esto chámase levar a nosa cultura máis alá das nosas fronteiras.

Teño un amor mariñeiro


alalá (Canción de Os Rumorosos)

Letra: Ramón Suárez Picallo

Música: E. Paz Hermo

*Teño un amor mariñeiro,
tan metidiño na i-alma,
que sempre rezo por êle,
haxa vento, haxa calma.*

*Cando ó pasar as traiñeiras,
às tardes por Morazón,
mándolle bicos còs dedos
i-él mándame o corazón.*





Conxunto de baile "César Quiroga".



Conxunto de gaitas "Xeito Novo".

Lembranza de Vales Villamarín

ENRIQUE CHAO ESPINA *

*Tiña nos ollos un anxo
branco e azul como as estrelas,
anxo que alentaba dentro
da súa alma serea.*

*Ergueito sin repinicos,
como un fidalgo da terra,
era señoril no andar,
era humilde na conversa
porque sabía Don Paco,
alma de bondade chea,
que os berridos dos soberbios
son aturuxos e area.*

*Máis que Mestre foi un Pai
nas cidades, nas aldeas,
abríndose en caravel
nas Escolas e Academias
onde se facía neno
ou erguía sabio a testa.*

*Don Paco foi un romeiro
de Galicia a vida enteira,
levando o Ben por bordón,
os escritos por estrelas,
seus nenos por anxeliños
e a Betanzos por vieira.*

Betanzos

*Quixen verte de aquí, dende os nubeiros
a solas co méu Deus, Cidade altiva,
pirámide roseira sempre viva,
na corda dos teus ríos e Caneiros.*

*Sempre viva nas pedras e veleiros
pra loitar co invasor ¡xente cativa!
ou frorir Relixión cando aquí arriba
neste Pobo ancestral dos Cabaleiros.*

*Betanzos do verxel en escaleira,
que rube ó Sol no carabel das torres
e bica ó mar coas línguas da ribeira,
Eu quéroche cantar desta maneira:
“—Pasaron os antergos... ti non morres
pois ficas no Mandeo toda enteira”.*

* Enrique Chao Espina é escritor e académico da Real Academia Galega.

Xusto e Xoana

RICARDO GARCIA GONDELL *


*Xoana, moza bela e gallarda.
Xusto moi feito e nembrudo.
Fítanse decote na foliada,
ollos brillantes e corazóns de forzado.
Sentíronse arrolar, un pró outro,
coma botados pola forza do raio.
Mentras as olladas, no alcontro,
tecían loceiros e frores de maio.
Os dous erguidos, reparan de sí
ó bailar, no ir e vir, e toparse
rebulindo, en cada un pra sí,
ledicia de amore e sempre lembrarse.
A Lua saíndo por Abelares,
agachouse satisfeita destes amores,
sino e afinamento de novos lares,
namentras o Sol, saía cos seus cantares.
Xoana e Xusto, sintense felices,
mais o Diaño, con tiduo de Conde,
furaba a felicidade até as raíces,
ou sabe o Demo hastra onde.
Xusto, ferreiro de estirpe garella.
Xoana, moza feiticeira e agarimosa.
Exemprar fermosa, da terra nosa.
Familia de servos labregos, era ela.
A Don Nuño García, Conde de San Martiño,
fendíañe os sentidos a garrida Xoana.
Os seus baixos precuramentos de cariño,
tiñan anguriada, á belida Xoana.
O meu Xusto quer amores,
i o Conde teima favores.
Xurei querelo deica a cova,
i este amore non hai Conde que o mova.
O Conde soñaba cheo de luxuria,
ca plebeia Xoana.
O ferreiro non dormía ca anguria,
de que lle roubaran á sua Xoana.
Queimáballe mais aquel amore
o corazón, que as maus os ferros
roxos, que el martelaba con queimore,
pra ferraduras de vacas e becerros.*

*Cheo de vixilias, dou en cavilar,
como ca sua Xoana, se alonxar.
Dos ferros, pra rodas e ferraduras
faría espadas e armaduras.
Xuntáronse na eirexa, un día ó abrir,
para deseguida, casarse e fuxir.
¡Serei tua ou aberta da morte!
¿Do Conde? Prefero que me aforque.
A tiranía de Don Nuño, non acougaba.
Ollando as forcas das almenas,
coa familia de Xoana. Así falaba:
Acó no leito, Xoana, senon ias penas.
Nin o premer de Don Nuño,
nin a axuda do Marqués de Aruño,
amoleceron a tesa Xoana.
Erguida no seu amore, de moza sana.
A luz da Lua repinicaba,
enriba das almenas do castelo,
mentras Xusto e Xoana, fuxían ó Fontelo,
onde a traición agardaba.
Don Nuño, no seu despotismo medieval,
topaba ca forte moral
daqueles amores plebeios,
tan dinos, como belos.
Indo Xusto pra mercar un faco,
as mesnadas furaron o Fontelo a saco.
Levando a Xoana prendida.
¡Meu Xusto, estou perdida!
A garrida e sinxela Xoana, na lumeirada
co ferreiro nos beizos, morreu queimada.
Namentras él pra salvala loitaba,
e alí finou, mentras fería e mataba.
Exemplo de amore afincado.
Facho da libertade do pobo magoado.
O seu espírito de revolta,
foi cantiga das xentes prá liorta.
Ó decorrer dos anos arderon castelos,
onte tiranía prós garelos.
I ós berros de guerra.
¡Xusto e Xoana! Facían tremer a terra.
Fados da libertade na Mariña,
non hai prá loita na campiña,
sexo ou idade,
sexa a liorta no pobo ou cidade.*




* Ricardo García Gondell naceu en Betanzos. E autor de diversas poesías, moitas delas publicadas. Contable e axente comercial en exercicio, foi teniente de Alcalde na Primeira Corporación Democrática como portavoz do P.C.G.


Debuxos do Globo-1983

ANTONIO PALLA *



* Antonio Rodrigo Palla Cabanas é betanceiro, habitual colaborador do "Globo de Betanzos" dende 1979 e mestre no Colexio Público de E.X.B. de Ares.





ETNOGRAFIA

...